

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 2 DE MAIO DE 2024-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 2 de maio de dous mil vinte e catro ; as nove horas e dez minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, don Juan Carlos Fernández Fernández , dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.
Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 24 de abril de 2024..

2.- OBRAS MAIORES.-

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA ACTUACIÓN NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO ANTIGO DE SAN CRISTOVO 8ºCONVENIO Nº EXPEDIENTE ARI: SCV –S-60-22 1396/2022 O-AR-0011/23

Visto o expediente a nome de don Emil Farhan Sabbagh Hannun relativo á subvención para actuación no 8º Convenio de Actuacións na Area de Rehabilitación do casco antigo de San Cristovo , na obra sita na rúa Grande nº 50 (44) San Cristovo.

En base ao informe emitido dende a oficina de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia , acordase prestar aprobación á certificación de fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Transporte, Mobilidade y Agenda Urbana por importe de 16.900,70 €,e a cargo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e IGVS por importe de 4.000 €, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza Reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico , e o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento, IGVS e o concello, remitindo o devandito expediente ao Instituto Galego de Vivenda e Solo

3.- ESCRITOS DOS CIADANS.

Escrito de dona Adriana Rionegro Dabarca con rexistro de entrada no concello de 28/4/2024 no que expón:

En relación co camiño da ribeira do Río Avia, de carácter preferentemente peonil, tal e como se indica no sinal de tráfico instalado na entrada do camiño dende a Rúa Veronza, sinalar o seguinte:

1. Ese carácter peonil non está sendo respectado, incumpríndose de xeito reiterado e masivo pola rodaxe de coches tanto de residentes como de veciños/as e de visitantes.

2. Esta situación, ademáis de anular o carácter de camiño natural e de preferencia peonil, pon en perigo a viandantes e causa estragos no pavimento,

E solicita

Que a Alcaldía de Ribadavia, en base ás súas competencias, tome medidas para manter o carácter natural e preferentemente peonil do camiño, garantindo así a seguridade dos/as viandantes e o mantemento do pavimento.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e comunicar que se tomarán as medidas procedentes.

Escrito de dona Adriana Rionegro Dabarca con rexistro de entrada no concello de 28/4/2024 no que expón:

Como veciña residente na zona monumental de Ribadavia, e en relación coa normativa municipal vixente de tráfico, sinalar que

1. Tanto na Praza do Serrallo-Rúa Cervantes como na Rúa Salgado Moscoso é constante o estacionamento durante o día de varios vehículos, incumprindo o que dita normativa establece para a zona monumental.

2. Esta falta de control e esa permisibilidade na infracción por parte do concello manifestase tamén na zona reservada ao estacionamento para residentes da zona monumental, co constante estacionamento de vehículos tanto de veciños/as non residentes como de visitantes, sendo especialmente agravante en periodos festivos e de grande afluencia turística, co conseguinte prexuízo importante para os/as residentes.

3. El labor e obriga das administracións, da alcaldía e do goberno local facer cumprir as normativas vixentes. Se non estan de acordo con elas, poden modificalas ou corrixilas, pero mentres esten vixentes deben cumprilas e facelas cumprir, para o cal o Concello de Ribadavia dispón de suficientes ferramentas.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento e comunicar que se tomarán as medidas procedentes.

4 ESCRITOS OFICIAIS

5 CUESTIÓNS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

Contratación do servizo de prevención de riscos laborais.

Tendo caducado o anterior contrato e sendo imprescindible a contratación ao venir esixida pola normativa vixente.

Vistas as ofertas presentadas por Cualtis SL, Taprega prevención de riesgos e Ibersys seguridad y salud laboral.

Sendo a oferta economicamente máis ventaxosa a presentada por Cualtis SL.

A xunta de goberno local por unanimidade, acorda adxudicar a Cualtis SL o contrato de servizo de prevención de riscos laborais, según a oferta de data 16 de abril de 2024.

6 ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.

E sendo as nove horas e trinta e cinco minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde levanta a sesión.